

1.- Programa formativo para o curso 2009/2010:

[Ciclo de formación teatral permanente para nenos/as, mozos/as](#)

[Ciclo de formación teatral permanente para adultos/as](#)

[Punto teatral bilingüe \(galego-inglés\) para nenos/as e mozos/as](#)

[Obradoiros monográficos do verán 2010](#)

1.1.- Ciclo de formación teatral permanente para nenos/as, mozos/as

[NIVEL 1: Expresión dramática I \(6-8 anos\)](#)

[NIVEL 2: Expresión dramática II \(9-11 anos\)](#)

[NIVEL 3: Expresión teatral \(12-14 anos\)](#)

[NIVEL 4: Iniciación as técnicas teatrais \(15-16 anos\)](#)

NIVEL 1: EXPRESIÓN DRAMÁTICA I

Idade: nenos de entre 6 e 8 anos

Este curso de Expresión dramática I permitiralle ao/a alumno/a manifestarse e expresar as súas ideas, vivencias, afectos ou sentimentos e comunicarse cos demais a partir da utilización da voz, do corpo, do tempo e do espazo.

Desde un punto de vista pedagóxico supón iniciar un proceso de descuberta persoal e grupal, no que o/a alumno/a vai tomando conciencia das súas posibilidades, capacidades e habilidades expresivas, a partir dunha metodoloxía lúdica, baseada na acción, na vivencia, na investigación, na experimentación e centrada nos procesos de percepción, expresión e comunicación.

O curso permitiralle ao/a alumno/a achegarse pouco a pouco, e de xeito ameno e práctico, aos diferentes rexistros do sistema teatral.

Algúns dos nosos obxectivos xerais son:

- Potenciar e desenvolver as competencias expresivas e comunicativas do/a alumno/a, calidades determinantes dunha enriquecedora relación interpersonal e dunha máis libre, autónoma e creativa relación co contorno.
- Xerar interese e amor polo teatro e pola cultura.

- Relacionar educación artística con diversión.
- Fomentar a creatividade e as intelixencias múltiples do neno/a a través da estimulación auditiva, cinestésica e visual para que desenvolva todas as súas capacidades e potenciais e os use de xeito óptimo na súa vida.
- Potenciar o autoconhecimento para que o neno/a poida elixir na vida con seguridade o que máis lle agrada e máis felicidade lle achega.
- Valorar a importancia da comunicación como ferramenta básica e necesaria para a vida e para o desenvolvemento do ser humano.
- Achegar o alumnado de xeito ameno e práctico aos distintos rexistros do sistema teatral.

NIVEL 2.- EXPRESIÓN DRAMÁTICA II

Idade: nenos/as de entre 9 e 11 anos

O curso Expresión dramática II céntrase no desenvolvemento da expresión do neno/a dunha maneira activa e dinámica. Potenciará a súa sensibilidade, as súas posibilidades creativas e a súa capacidade de descubrirse a si mesmo, para que se manifeste con espontaneidade e plenitude. Pouco a pouco, e a través dunha metodoloxía lúdica, o/a alumno/a achegarase ao coñecemento da estrutura básica do sistema teatral.

Algúns dos nosos obxectivos xerais son:

- Potenciar e desenvolver as competencias expresivas e comunicativas do/a alumno/a, calidades determinantes dunha enriquecedora relación interpersoal e dunha máis libre, autónoma e creativa relación co contorno.
- Xerar interese e amor polo teatro e pola cultura.
- Relacionar educación artística con diversión.
- Fomentar a creatividade e as intelixencias múltiples do neno/a a través da estimulación auditiva, cinestésica e visual para que

desenvolva todas as súas capacidades e potenciais e os use de xeito óptimo na vida.

- Potenciar o autoconñecemento para que o neno/a poida elixir na vida con seguridade o que máis lle agrada e máis felicidade lle achega.
- Desenvolver as características do xogo teatral como ferramentas de disinhibición, autoconñecemento e integración.
- Achegar o/a alumno/a ao coñecemento básico do sistema teatral.
- Incentivar o seu interese como espectador/a de teatro, dotándoo dunha maior capacidade de aproveitamento cando asista a representacións teatrais.

NIVEL 3.- EXPRESIÓN TEATRAL

Idade: nenos/as de entre 12 e 14 anos

Este curso de Expresión teatral contén todas as posibles manifestacións de teatralidade e móstralle ao/a alumno/a como expresar e comunicar pensamentos, sentimentos e ideas, propias e alleas, utilizando unha variada gama de técnicas e recursos. O obxectivo do curso é provocar nos participantes unha toma de conciencia dos mecanismos fundamentais do teatro (personaxe, conflito, dialéctica dos diálogos e situacións, dinámica de grupo) e tamén provocar certa liberación corporal e emotiva a través do xogo.

Algúns dos nosos obxectivos xerais son:

- Estimular a toma de conciencia das propias capacidades expresivas e comunicativas a partir do traballo individual e grupal, experimentando e investigando nas diferentes linguaxes verbais e non verbais propias da expresión e creación dramático-teatral.
- Promover a interacción, a vida e o traballo en grupo, favorecendo o autoconñecemento e a comprensión da alteridade e da realidade social a través dos procesos de expresión, creación e comunicación dramático-teatral.

- Mostrar as capacidades e habilidades necesarias para responder con orixinalidade, espontaneidade e autonomía aos máis variados estímulos e situacións, baseados na vida real e na ficción.
- Expresar ideas, sentimentos e pensamentos utilizando os máis variados recursos, fundamentalmente os de carácter dramático e teatral.
- Recoñecer múltiples formas de producir e interpretar a acción dramática.
- Crear pezas dramáticas, de forma individual e colectiva, e participar na súa posta en escena dende os diferentes roles.
- Participar de forma activa na planificación e realización de todo tipo de actividades teatrais, asumindo diferentes roles.
- Analizar e valorar con espírito crítico producións dramáticas e teatrais, tendo en conta o contexto social, económico e cultural en que se producen.

NIVEL 4.- INICIACIÓN ÁS TÉCNICAS TEATRAIS

Idade: mozos/as de entre 15 e 16 anos

Este curso de carácter teórico-práctico vai encamiñado á formación e ao adestramento básico do actor ou actriz mozo/a a través do estudo do seu corpo e da súa voz mediante o desenvolvemento dunha metodoloxía moderna e dinámica que, a través de diversas propostas de xogo e exercicios que favorecen o desbloqueo, a desinhibición e o dominio corporal, dá paso á imaxinación e á creatividade, e facilita así o desenvolvemento de situacións dramáticas, improvisacións e personaxes.

Algúns dos nosos obxectivos xerais son:

- Introducir o/a alumno/a nos coñecementos teóricos-prácticos e hábitos metodolóxicos do sistema teatral.
- Exercitarse na toma de conciencia das propias capacidades expresivas, creativas e comunicativas a partir do traballo individual ou grupal, experimentando e investigando nas

diferentes linguaxes verbais e non verbais propias da expresión e a creación dramático-teatral.

- Desenvolver a autoestima, a imaxinación, a creatividade e a sensibilidade estética e artística a través do estudo e práctica da arte teatral.
- Desenvolver as habilidades, capacidades e destrezas necesarias para responder con creatividade a calquera estímulo, utilizando as diferentes linguaxes da expresión e comunicación teatral.
- Favorecer a capacidade para traballar en grupo asumindo os máis diversos roles.
- Participar de forma activa na planificación e realización de todo tipo de actividades teatrais, asumindo diferentes roles.
- Potenciar a capacidade crítica, analizando e estudando as diversas manifestacións da teatralidade, dende un punto de vista histórico e na actualidade.
- Analizar e valorar con espírito crítico producións dramáticas e teatrais, tendo en conta o contexto social, económico e cultural en que se producen.

1.2.- Ciclo de formación teatral permanente para adultos/as

Formación de actores I

Formación de actores II

FORMACIÓN DE ACTORES I

Este curso vai encamiñado á formación e ao adestramento básico do actor/actriz a través dunha formación teórico-práctica. Os bloques teóricos consistirán en aspectos básicos de cultura teatral necesarios para comprender mellor o significado do “feito teatral” e os bloques prácticos afondarán nos principios e fundamentos que lle permitirán ao/a alumno/a utilizar correctamente o seu corpo e a súa voz en función dun contexto e linguaxe de tipo realista.

Algúns dos nosos obxectivos xerais son:

- Facer que os/as alumnos/as adquiran coñecementos teórico-prácticos e hábitos metodolóxicos na súa proxectación artística.
- Estimular no/a alumno/a o desenvolvemento da actividade creadora e da imaxinación.
- Desenvolver as capacidades, hábitos e habilidades encamiñadas ao dominio das técnicas de actuación e ás súas posibilidades creadoras, facendo que estas cabalmente expresen o seu poder e singularidade.
- Contribuír á formación de hábitos e habilidades de traballo independente nos/as alumnos/as que os capacite na adquisición e aplicación de coñecementos, formación de conviccións e toma de decisións.
- Potenciar a capacidade crítica, analizando e estudando as diversas manifestacións da teatralidade, dende un punto de vista histórico e na actualidade.
- Analizar e valorar con espírito crítico producións dramáticas e teatrais, tendo en conta o contexto social, económico e cultural en que se producen.
- Contribuír a desenvolver no alumnado o amor polo traballo e pola profesión de actor/actriz.
- Contribuír a espertar no/a alumno/a o interese necesario cara a valores estéticos e culturais que lle permitan encamiñarse á práctica do bo gusto e do refinamento necesario para un/unha artista da nosa sociedade.

FORMACIÓN DE ACTORES II

Idade: + 17 anos

Este curso está destinado a alumnos/as que fixeron o obradoiro de FORMACIÓN DE ACTORES I, ou a persoas que acrediten experiencia previa equivalente, mediante probas de acceso.

Este curso é o complemento á formación teórico-práctica xa iniciada no primeiro ano. Os bloques teóricos tratarán sobre aspectos básicos da historia

da arte escénica a partir do século XX e o teatro da nosa. Os bloques prácticos afondarán nos principios e fundamentos que lle permitirán ao/a alumno/a utilizar correctamente o seu corpo e a súa voz en función dun contexto e dunha linguaxe de tipo realista e non realista a través do traballo de diferentes xéneros teatrais.

Algúns dos nosos obxectivos xerais son:

- Que os/as alumnos/as perfeccionen coñecementos e hábitos metodolóxicos na proxección artística.
- Estimular no/a alumno/a o desenvolvemento da actividade creadora e da imaxinación.
- Posibilitar o desenvolvemento de capacidades, hábitos e habilidades no/a alumno/a que lle permita, como futuro/a artista e a través da creación, ampliar a súa propia condición de suxeito activo e transformador, é dicir, a súa esencial condición humana.
- Propiciar a adquisición dun sistema de coñecementos, capacidades e habilidades que os prepare convenientemente para coñecer os aspectos máis relevantes dos diferentes xéneros dramáticos.
- Potenciar a capacidade crítica, analizando e estudando as diversas manifestacións da teatralidade, dende un punto de vista histórico e na actualidade.
- Analizar e valorar con espírito crítico producións dramáticas e teatrais, tendo en conta o contexto social, económico e cultural en que se producen.

1.3.- Punto teatral bilingüe (galego-inglés) para nenos/as e mozos/as

Xogo dramático bilingüe: Ready to play (9-12 anos)

Expresión teatral bilingüe (13-16 anos)

NIVEL 1.- XOGO DRAMÁTICO BILINGÜE: READY TO PLAY

Idade: nenos/as de entre 9 e 12 anos

Este obradoiro ofrécelles aos seus participantes a posibilidade de desenvolver a práctica oral da lingua inglesa a través do xogo dramático. Xogando e interpretando conseguirán aprender esta lingua sen se decataren. Esta é unha fórmula ideal para mellorar o idioma, pois cumpre dous obxectivos ao mesmo tempo: divertir e ensinar. Os/as alumnos/as poderán aprender inglés nun ambiente óptimo, ademais de desenvolver a súa sensibilidade, as súas posibilidades creativas.

En canto aos aspectos propiamente de lingua inglesa tratarase fundamentalmente de fomentar a utilización correcta de elementos lingüísticos, como as competencias gramatical, semántica, léxica e fonética.

Atendendo ao aspecto comunicativo e dialóxico da lingua, activaranse competencias como a dimensión fonética, o uso de vocabulario de situacións reais ou ficticias que abrirán horizontes fóra do réxime interno de aprendizaxe da aula moitas veces focalizado excesivamente na corrección gramatical ou nun tipo de vocabulario específico.

Algúns dos nosos obxectivos xerais son:

- Potenciar e desenvolver as competencias expresivas e comunicativas do/a alumno/a en lingua inglesa.
- Xerar interese e amor polo teatro e pola cultura.
- Relacionar educación artística con diversión.
- Fomentar a creatividade e as intelixencias múltiples do neno/a a través da estimulación auditiva, cinestésica e visual para que desenvolva todas as súas capacidades e potenciais e os use de xeito óptimo na vida.

- Potenciar o autoconhecimento para que o neno/a poida elixir na vida con seguridade o que máis lle agrada e máis felicidade lle achega.
- Valorar a importancia da comunicación como ferramenta básica e necesaria para a vida e o desenvolvemento do ser humano.
- Incentivar o seu interese como espectador/a de teatro, dotándoo dunha maior capacidade de aproveitamento cando asista a representacións teatrais.

NIVEL 2.- EXPRESIÓN TEATRAL BILINGÜE

Idade: nenos/as de entre 13 e 16 anos

Este curso de Expresión teatral bilingüe contén todas as posibles manifestacións de teatralidade e móstralle ao alumnado como expresar e comunicar pensamentos, sentimentos e ideas, propias e alleas, utilizando unha variada gama de técnicas e recursos.

O obradoiro ofrécelles aos seus participantes a posibilidade de desenvolver a práctica oral da lingua inglesa a través do teatro. Xogando e interpretando, conseguirán mellorar a práctica oral da lingua inglesa sen se decataren. Esta é unha fórmula ideal para mellorar o idioma, pois cumpre dous obxectivos ao mesmo tempo, divertir e ensinar. Os/as alumnos/as poderán aprender inglés nun ambiente óptimo, ademais de aprender nocións básicas de interpretación actoral.

Algúns dos nosos obxectivos xerais son:

- Desenvolvemento da práctica oral da lingua inglesa a través da expresión teatral.
- Romper bloqueos e inhibicións persoais a nivel oral, na práctica da lingua inglesa e a nivel expresivo.
- Potenciar e desenvolver as competencias expresivas e comunicativas do/a alumno/a.
- Promover a interacción, a vida e o traballo en grupo, favorecendo o autoconhecimento e a comprensión da alteridade e da realidade

social a través dos procesos de expresión, creación e comunicación dramático-teatral.

1.4.- Obradoiros monográficos do verán 2010